

# SEGUNDO PREMIO

Isaki Lacuesta, Pol Rodríguez, 2024

# 1298

ESTREA EN NUMAX: 24.05.2024 | V.O. | +16 | 109 min

Granada, finais dos 90. En plena efervescencia artística e cultural, un grupo de música indie vive o seu momento máis delicado: a baixista rompe coa banda buscando o seu sitio fóra da música e o guitarrista está inmerso nunha perigosa espiral de autodestrución. Mentres, o cantante enfróntase a un complicado proceso de escritura e gravación do seu terceiro disco. Ninguén sabe que ese disco cambiará para sempre a escena musical de todo o país.

Esta (non) é unha película sobre Los Planetas.

«Un fantástico filme que nos achega á música, a esta banda indie, a Granada, aos noventa, pero sobre todo á amizade»

Pepa Blanes, CADENA SER



## Non é un filme sobre Los Planetas pero é o que eles merecían

Por Andrea G. Bermejo

“Méntese en todas as historias de bandas. Eu non vou mentir. É que non o lembro”. Fala o batería e dan ganas de facer unha camiseta con ese lema. Hai máis rock and roll aí que en todos eses suadoiros dos Stones ou The Clash que venden H&M e Zara. A súa voz é unha de tantas que van construíndo o relato de *Segundo premio*, o último filme de Isaki Lacuesta codirixida con Pol Rodríguez que volveu do Festival de Málaga cos mellores méritos. A baixista que se foi, o cantante, o guitarrista, toda a banda conta a historia á súa maneira, negando os outros, contradicándose, cimentando esa lenda que lemos no título do filme: “Isto non é unha película sobre Los Planetas. É un filme sobre a lenda de Los Planetas”. Lacuesta, experto en percorrer ese fino arame entre realidade e ficción, constrúe aquí unha banda granadina que toca as cancións de Los Planetas, ten o seu sentido do humor, os seus mesmos fantasmas, a *malafollá* e, ás veces, ata os seus instrumentos, pero á vez vive unha vida que nunca existiu, a vida inventada ou imaxinada por nós, a historia de Los Planetas que, os que sabemos de memoria as súas cancións, queríamos ver. E tamén escoitar, pois *Segundo premio* aloumiña e coida como poucos filmes do cine español a súa música, tocada en directo, producida como se fose un concerto da banda.

*Segundo premio* é un filme libérrimo, lisérxico, psicodélico. As drogas, tan presentes nas letras do grupo, non son só fondo senón forma. Era de xustiza que o filme de como se compuxo *Una semana en el motor de un autobús* -disco “drogota” onde os haxa, ademais dun dos mellores da banda e do indie rock español- fose unha historia de ionquis, de viaxes en avións abandonados, de fundidos a negro que dan calafríos, de sobredose de litros de auga que son como *Trainspotting* (Danny Boyle, 1996) pero en vez de engulirte o chan levitas ata o teito, todo contado cunha cámara que se alza por enriba dos personaxes, que dá voltas ao seu redor en correntes circulares. É un filme no que cabe a telepatía e se cita a Lorca mirando ao ceo, porque tamén é poético á súa maneira.

Á vez, *Segundo premio* é a crónica dunha época, un *24 Hour Party People* (Michael Winterbottom, 2002) con acento granadino no que se reconecerán os que viviron a eclosión do indie en España. É un retrato dunha Granada que nunca existiu. Os 90 son vinilos na tenda de discos, filtros vermellos e azuis nas discotecas, o Planta Baja onde empezaron a tocar Los Planetas, neons, cores fosforecentes, lámpadas con cortiniñas na sala de ensaio.

Nunca creíamos *Segundo premio* se os actores que interpretan os membros da banda non actuasen coa verdade que posúen. É loable o traballo de todos, os músicos que nunca actuaran e os actores que nunca tiveron acento granadino. As súas interpretacións de Jota, Florent, Erin, Banin e May agrandan aínda máis a lenda. Pero quen escribe estas liñas sente debilidade por Cristalino, cuxa interpretación nunha pausa conecta subteraneamente co título do cinema español que máis síndrome de abstinencia nos deixou a piques de acabar os 70. E iso, por forza, ten que gustarlle a Los Planetas.

Publicado en [20minutos.es/cinemania](https://20minutos.es/cinemania)



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/libreria](https://numax.org/libreria)

*Trainspotting*,  
Danny Boyle.  
Paramount [BD]

*Una semana en el motor  
de un autobús*,  
Nando Cruz.  
Lengua de Trapo, 2011

*Los pasos dobles*,  
Isaki Lacuesta.  
avalon [2DVD+1CD]